

CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E MEDIOS DE COMUNICACIÓN, PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2022.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou con distintos medios de comunicación (Faro de Vigo, S.A.U, La Capital, S.L.-Diario de Arosa, La Capital, S.L.-Diario de Ferrol, La Capital, S.L.-Ideal Gallego, La Opinión de A Coruña, S.L.U., La Región, S.A., La Voz de Galicia, S.A., Lárez Ediciones, S.L.U., El Progreso de Lugo, S.L., Rías Baixas Comunicación, S.A.) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2022.

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto colaborar na difusión de información cultural, educativa ou/e social entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- Segundo o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións de interese galego de carácter cultural e educativo.



Segundo.- Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución, como ven sostendo o Tribunal Constitucional, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto aos acontecementos que pola súa entidade poden afectar a toda a cidadanía e por iso acadan unha específica resonancia social.

Terceiro.- Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de todos os sectores da sociedade, entre os que se encontran os medios de comunicación. Os xornais poden contribuír na formación complementaria do alumnado, na medida que permiten acadar hábitos de lectura desde unha idade temperá e poden fomentar o desenvolvemento da súa conciencia crítica como parte da cidadanía.

Cuarto.- O proceso de lectura é un pilar fundamental que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquiran hábitos de lectura e culturais, asumindo a idea da cultura propia de Galicia como un dos principais aspectos da nosa sociedade, e neste senso a finalidade principal deste proxecto de colaboración é contribuír ao desenvolvemento dun programa educativo que utiliza os xornais escritos como un instrumento de formación complementaria do alumnado.

Quinto.- As actividades a realizar en cada centro orientaranse a favorecer a aprendizaxe mediante a selección, análise e interpretación das noticias publicadas polo xornal, particularmente, daquelas relacionadas coa educación e a igualdade de oportunidades e do uso da lingua galega no sistema educativo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Manuel Vila López

